Os debates no noso centro

Os balóns no tempo de lecer

Moderador: bo día a todo o mundo. Hoxe no noso centro educativo imos ser participes do debate máis esperado por todo o alumnado, “os balóns nos recreos”. Vou dar paso a continuación a nosa primeira participante:

Persoa A: Bo día a todas e todos, son Celtia e vou comezar coa miña argumentación. Penso que o uso de balóns de fútbol no recreo é beneficioso. O fútbol é un deporte que promove o traballo en equipo e a comunicación entre o alumnado. Ademais, é unha forma excelente de facer exercicio e manterse activo. O deporte vai favorecer e desenvolver as habilidades físicas como a coordinación e a resistencia.

Persoa B: bo día a todas e todos tamén. Entendo o teu punto de vista, pero teño que discrepar. Hai que ter en conta a seguridade do alumnado. Os balóns de fútbol poden causar accidentes se non se usan correctamente, e aínda que o fútbol poida ser amigable, tamén pode fomentar a agresividade e comportamento antideportivo. Ademais, non todo o alumnado está interesado no fútbol e pode sentirse excluído.

Persoa A: É certo que a seguridade é importante, como solución a ese problema pódense establecer regras claras para o xogo e que haxa persoas encargadas de que todo o mundo as coñeza. Así poden desfrutar do deporte de maneira sa. En canto á exclusión, a mellor maneira para que ninguén se sinta excluído sería rotando as actividades do recreo a todos os intereses do centro.

Persoa B: A rotación de actividades podería ser unha boa idea. Pero existe outro problema, que pasa se os recursos para outras actividades non son suficientes? Non todos os centros educativos poden ter material ou instalacións para todos os deportes e intereses.

Persoa A: propós unha idea moi interesante coa falta de recursos, pero creo que a solución a esa falta de material non é prohibir os balóns de fútbol, senón buscar formas de obter máis recursos. Poderíamos organizar eventos de recadación de fondos ou solicitar doazóns, para conseguir máis material e mellores instalacións.

Persoa B: Iso soa fantástico. Aínda así, creo que deberíamos consultar ao alumnado e a todo o profesorado antes de tomar unha decisión. Despois de todo, eles son os máis afectados por esta situación.

“Os debates no noso centro”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0